



Resolución da Comisión de Selección IV do proceso selectivo para a provisión de postos vacantes no cadro de persoal da sociedade mercantil pública autonómica EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA), convocado por acordo do 27 de setembro de 2023.

ASUNTO: Acordo polo que se convoca á proba de galego, a aquelas persoas aspirantes que non acreditaron estar en posesión do nivel de coñecemento de lingua galega requirido para as categorías de ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA, ENXEÑEIRO TÉCNICO FORETAL E OFICIAL SEGUNDA ADMINISTRATIVO todas elas de CARÁCTER DESCONTÍNUAS.

1. Rematado o prazo de presentación de méritos e acreditación do idioma galego, e revisada a documentación por parte da Comisión, segundo o establecido na base VIII.3 Coñecemento do idioma galego, convócase á proba de carácter obrigatoria e eliminatoria, a aquelas persoas aspirantes que non acreditaron estar en posesión do nivel de coñecemento da lingua galega requirido (CELGA 4) para o acceso á categoría á que participa.
 - a. A proba consistirá en responder por escrito, a un cuestionario tipo test de 60 preguntas máis 5 de reserva nun tempo máximo de 120 minutos. Cada resposta correcta valórase con 1 punto, penalizándose con 0,25 cada resposta errónea. As respostas en branco non puntúan nin penalizan. As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.
 - b. A proba cualificarase de apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Corresponde á Comisión de Selección o establecemento do nivel mínimo esixido para acadar a cualificación de apto.
 - c. O cuestionario deberá obrigatoriamente recoller contidos relacionados cos niveis funcionais da lingua: léxico, sintáctico e gramatical, correspondentes ao nivel do Celga 4 requirido no proceso selectivo.
 - d. Ao remate da proba cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respostas.
 - e. Publicaranse o contido do exercicio e as respostas correctas no portal web www.epseaga.com.
2. As categorías e as persoas aspirantes convocadas son as que se indican a continuación:

ENXEÑEIRO TÉCNICO FORETAL CARÁCTER DESCONTÍNUO (ETF-D)		
NIF	Apelidos	Nome
***0228**	Delgado Carro	Roberto
***0832**	Atán Maneiro	Uxío





ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA CARÁCTER DESCONTÍNUO (ETA-D)		
NIF	Apelidos	Nome
***0073**	Cubero Cubero	Ignacio

OFICIAL SEGUNDA ADMINISTRATIVO CARÁCTER DESCONTÍNUO (ADM-D)		
NIF	Apelidos	Nome
***7994**	Bangueses Fernández	Gabriel

3. A data e lugar de celebración da proba será o **2 de setembro de 2024 ás 16:00h**, na ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, Rúa Madrid, 2-4, Santiago de Compostela, Seminario A, 1º Andar.
4. As persoas aspirantes deberán presentarse ao exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución, ou outro documento fidedigno que, a xuízo da Comisión de Selección, acredite a súa identidade.
5. As persoas aspirantes deberán ir provistos dun lapis do nº2.
6. O exercicio realizarase a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros da Comisión de Selección, e as persoas designadas como colaboradoras.
7. Queda prohibido a entrada con dispositivos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes, ou calquera outro material ou instrumento do que se poidan valer as persoas aspirantes para a realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles ou outros dispositivos.
8. A proba a desenvolver **será única** para todas as Comisións do proceso selectivo de provisión de postos vacantes no cadro de persoal da sociedade mercantil pública autonómica EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA), convocado por acordo do 27 de setembro de 2023. As persoas convocadas que aspiren a diferentes postos do presente proceso, realizarán un único exercicio. A cualificación obtida, será polo tanto a mesma para todas as categorías ás que fosen convocado.

Asinado, na data da sinatura dixital.

Óscar Pombo Pérez
(Técnico Provincial da Coruña)
Presidente da Comisión de Selección IV

Pablo Penín González
(Técnico Provincial de Ourense)
Secretario da Comisión de Selección IV

